

SHREK (25 ANIVERSARIO)

1762

Andrew Adamson, Vicky Jenson, 2001

ESTREA EN NUMAX: 05.06.2026 | V.E. / V.O.S.E. | +6 | 87 min

Hai moito tempo, nunha afastadísima lameira, vivía un feroz ogro chamado Shrek. De súpeto, un día, a súa soidade vese interrompida por unha invasión de sorprendentes personaxes. Hai ratiños cegos na súa comida, un feroz lobo na súa cama, tres porquiños sen fogar e outros seres deportados da súa terra polo malvado Lord Farquaad. Para salvar o seu territorio, Shrek fai un pacto con Farquaad e emprende unha viaxe para conseguir que a princesa Fiona acceda a ser a noiva do Lord. En tan importante misión acompaña un divertido burro, disposto a calquera cousa por Shrek, menos estar calado.

«Cinema delicioso, cativador,
divertido, intelixente adulto e para
adultos»

Ángel Fernández-Santos, EL PAÍS



Un vendaval de cine libre e vitalista

Por Adrián Massanet

Cando *Shrek* foi estreado en Cannes moitos dubidaban de que unha película desas características tivese a categoría para estar alí. Pero despois de ver o seu pase, os eloxios substituíron ao escepticismo porque a inxección de enxeño e elegancia desta película facía que Dreamworks rivalizase coa Pixar. Hoxe en día, co avance da técnica, as súas imaxes xeradas por computador poden parecer algo toscas, pero na súa mesma substancia latexa unha emoción e un espírito subversivo moi difíciles de describir, que fan flotar literalmente as imaxes e que esnaquizan calquera concepción previa dun filme de aventuras e dun conto de fadas, os dous territorios que *Shrek* fende con inmensa felicidade de existir e divertir o público.

Adaptación do conto infantil de William Steig, *Shrek* propón unha reescritura dos mitos e as ideas dos contos de fadas e ñoñería marca Disney. Os contos supostamente infantís clásicos (Pinocho, Os tres porquiños, Carapuchiña vermella...) sofren aquí unha sorte de renacemento estético. Unha subversión que bebe das esencias do conto centroeuropeo clásico para revitalizalo. Tomando como protagonista o ogro, Shrek, probablemente o antiheroe máis chabacano, malhumorado, tenso e borde en moitos anos de cinema, a historia comeza de xeito insuperable e inexplicablemente sobe e sobe ata a súa culminación. En todo momento, Shrek móstrase prosaico e pragmático, un ogro solitario que o único que quere é que o deixen tranquilo na lama. E se para iso fai falla rescatar unha princesa no alto dun castelo rodeado de lava e cun garda en forma de dragón furioso pois vaise, faltaría máis. Pero sempre co obxectivo de que o deixen tranquilo. Así, aos poucos, vaise perfilando a idea de que quizá os ogros son seres solitarios que utilizan o medo e as lendas sobre a súa suposta crueldade para manterse afastados aos demais, fartos de seren xulgados. Un Shrek inseguro, tranquilo pero melancólico e algo amargado co mundo exterior, eis o verdadeiro núcleo da historia: a narración da dignidade dunha criatura enfrontada co mundo, e que ao seu pesar atopará a amizade (en forma de burro) e mesmo o amor e a comprensión (en forma de divertidísima princesa).

Se Shrek é o corazón da película, Asno (ao que pon a voz Eddie Murphy na súa versión orixinal e José Mota na española) é a súa alma. Este personaxe representa un verdadeiro triunfo de comedia desatada, de verborrea incontida, un torrente de expresividade que é, ao seu modo, a outra cara da moeda respecto ao ogro verde. Por suposto, Shrek rexéitao en repetidas veces, pero ante a extrema lealdade e os esforzos de Asno para mellorar a súa vida, Shrek réndese á evidencia: hai xente por aí que paga a pena. E a princesa Fiona é moito máis que unha princesa de conto dada a volta. O seu carácter rebelde e a súa valentía son só dous dos trazos nunha viaxe que é, sen que o saiba Shrek, o mesmo ca o seu. E se n'*A bela e a besta*', a besta volvía ser príncipe por un encantamento, aquí ambos rematan sendo unha parella de ogros.

Hai cousas moi fermosas nesta película, alén dunha posta en escena moi sinxela e moi elaborada, baseada en encadres de gran sinxeleza e profundidade emocional. Que na véspera da voda, Fiona se volva cara á armadura, e teña lugar unha transición, un encadeado, cara á figura solitaria de Shrek, é moi fermoso. Como fermoso é o preto e o lonxe que senten á vez, expresado con outro encadeado na que ambos se sentan en mesas diferentes, enfrontados o un ao outro. Os creadores desta película demostran unha gran capacidade tamén para a aventura, con montaxes moi precisas e un ritmo perfecto na secuencia do rescate ou na pelexa contra os danzaríns do bosque. Cinema de altísimo voo estético, divertido, cáustico e de gran poder subversivo. En definitiva, cinema con maiúsculas.